



CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Expediente núm.: 180/2017

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Negociado sen Publicidade

Asunto: “Senda peonil e ciclista entre Moscoso e Xunqueiras”

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data do 11 de setembro de 2017 a Alcaldía detectou a necesidade de realizar a contratación da obra denominada “SENDA PEONIL E CICLISTA ENTRE MOSCOSO E XUNQUEIRAS”, debido ós seguintes motivos: dotación de pavimento á senda peonil xa existente entre as parroquias de Moscoso e Xunqueiras.

A obra conta con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico municipal L. Guillermo Patiño Fernández, que foi aprobado por decreto desta Alcaldía do 20 de marzo de 2017, e realizouse o replanteo da mesma, xa que existe a dispoñibilidade dos terreos, achégase este ó expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra pola Alcaldía considérase que o procedemento máis adecuado é o de negociado sen publicidade.

Visto que con data do 12 de setembro de 2017 emitiuse Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 12 de setembro de 2017 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por resolución da Alcaldía de data 11 de setembro de 2017 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 20 de setembro de 2017, redactouse e incorporou ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 94 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro ,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistente en SENDA PEONIL E CICLISTA ENTRE MOSCOSO E XUNQUEIRAS.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 76.479,62 euros, o gasto que para este Concello



CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

representa a contratación referenciada, con cargo á partida 631 - 454 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2017.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obras de “Senda peonil e ciclista entre Moscoso e Xunqueiras” por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

- Construcións, Obras e Viais, S.A. (COVSA)
Rúa Herminia Fariña Cobián, baixo
Apartado de correos 202
36003 PONTEVEDRA
info@convsa.es
- Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.
Pacenteno, 39
36770 O ROSAL (PONTEVEDRA)
experez@perezsl.com
- Construcciones Lemos Martínez, S.L.
C/ Rafael Tilve Adrio, 14 – baixo
36470 SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA)
clemosmartinez@hotmail.com

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE